

## I SAN SILVESTRE DO PINO 2024



O Concello do Pino a través do seu departamento de deportes e en colaboración tanto da Federación Galega de Atletismo como do Club Atletismo O Pino organizan a **I Edición da Carreira San Silvestre do Pino** que terá lugar o 28 de decembro de 2024 a partir das **16:30 horas da tarde no Concello do Pino**.

### **BASES DE PARTICIPACIÓN**

1. Poderán participar atletas federados e non federados (para estes habilitaráselles unha licenza de día) haberá unha soa clasificación conxunta. O control técnico das carreiras estará a cargo do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.
2. A SAÍDA da proba será a partir das 16:30 horas desde a Praza Forcarei. A zona de meta estará situada tamén en dita praza.
3. A idade mínima para poder tomar parte na proba será a de aqueles atletas nados/as no ano 2021. Os atletas menores de esa idade non poderán participar na proba, a organización non se fará responsable deles.
4. Todos/as aqueles/as que se queiran presentar a esta carreira deberán levar un disfraz ou traxe de carácter ou simboloxía do nadal.

## 1. CATEGORÍAS E HORARIOS

Nesta edición de 2024, haberá as seguintes categorías e horarios:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA
SAN SILVESTRE DO PINO EN CATEGORÍA ESCOLARES 2	do 2019 ó 2021	165 metros.	A partir das 16:30 h
SAN SILVESTRE DO PINO EN CATEGORÍA ESCOLARES 1	do 2015 ó 2018	340 metros	A partir das 16:45 h
SAN SILVESTRE DO PINO EN CATEGORÍA ABSOLUTA	2014 e anteriores	4 km aprox.	A partir das 17:00 h
<b>A entrega de premios será ás 17:45 horas (ao remate da carreira) na Praza de Forcarei</b>			

## 2. LUGAR DE SAÍDA E META

Tanto a saída como a meta realizaranse desde a Praza Forcarei.

## 3. INSCRICIÓNS

As inscricións poderán realizarse a través das páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal), con data límite **o xoves 26 de decembro ás 23:59 horas**.

Deberán cubrir o formulario cos datos requiridos e finalizar o proceso de inscrición (poderán consultar o listado provisional de inscritos en ditas webs).

### **CAIXÓNS DE SAIDA:**

Os caixóns de competición faranse por orde de marcas na distancia de 4K. No caso de non existir, faranse por orde aleatorio establecido previamente.

### **PREZOS E PRAZOS DA INSCRICIÓN**

#### **CATEGORÍA ESCOLARES e ADULTOS:**

A participación nesta carreira, tanto de escolares como de adultos, será **GRATUÍTA**.

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o mesmo día da proba.

## 4. PREMIOS E AGASALLOS:

- Trofeo para as/os 3 primeiros/as clasificados/as da categoría adultos.
- Medallas para todos/as aqueles/as corredores que participan nas carreiras de 340 e 165 metros.
- Premio para o mellor disfraz ou traxe individual das categorías escolares.
- Premio para o mellor disfraz ou traxe individual da categoría adulta.
- Premio para o mellor disfraz ou traxe grupal das categorías escolares.
- Premio para o mellor disfraz ou traxe grupal da categoría adulta.

**Aqueles participantes que opten aos premios de mellor disfrace ou traxe, tanto individual como por equipos, deberán presentarse en liña de saída 15 minutos antes do comezo da proba.**

**Será un xurado os/as que determinen os premios aos mellores disfraces individuais e colectivos. Este xurado estará composto por persoal do concello do Club Atletismo O Pino e da Federación Galega de Atletismo.**

## **5. RECOLLIDA DE DORSAIS**

A recollida de dorsais realizarase nos seguintes prazos:

Os dorsais recolleranse na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** situada na **PRAZA DE FORCAREI**, preto da casa do Concello, con prazo límite 30' antes do inicio da proba.

**NON SE ENTREGARAN DORSAIS NA ZONA DE SAÍDA**

Na proba todos atletas correrán cun chip que irá situado na parte traseira do dorsal que non poderá manipularse. Permitirase correr disfrazado, pero o dorsal deberá levarse de xeito visible na zona anterior do corpo.

## **6. CIRCUÍTO OU PERCORRIDO**

- A proba disputarase sobre un circuítio de 4 km aproximadamente que estará publicado previamente en [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal).
- A saída e meta será desde a Praza de Forcarei.
- Todo o non recollido no presente regulamento rexerese pola normativa de probas en ruta da FGA, RFEA e WA, por esta orde, en vigor.
- A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.
- Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito.

## **7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:**

### **RESPONSABILIDADE**

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

Conforme a **Ley Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais**, todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

## 8. PLANO DA RUTA DA CARREIRA:

- 4k:



- 340 m:



- 165 metros:

